

ENTIDADE ORGANIZADORA:

| | | |
|-----------------|----------------------|--------------------|
| nome e apelidos | NIF / NIE | |
| endereço postal | código postal | |
| concello | teléfono de contacto | correo electrónico |

REPRESENTANTE: é necesaria acreditación ou figurar no Rexistro Electrónico de Apoderamentos

| | | |
|---------------------------------|----------------------|--------------------|
| nome e apelidos ou razón social | NIF | |
| endereço postal | código postal | |
| concello | teléfono de contacto | correo electrónico |

NOTIFICACIONES TELEMÁTICAS:

- Desexo recibir notificacións telemáticas no endereço habilitado _____
- Declaro que conto con certificado dixital ou DNI electrónico e que acepto ser dado de alta nos servizos de notificación

En cumprimento da Lei 39/2015, requiro que as comunicacións xeradas nos expedientes aos que dea lugar esta solicitude me sexan notificadas de forma telemática a través da plataforma Notific@ (notifica.xunta.gal). Ao facelo, son consciente de que os avisos recibireinos no endereço electrónico que indico, e que para poder acceder ao contido das notificacións preciso dun certificado dixital ou DNI electrónico, ao tempo que acepto ser subscripto de forma automática aos servizos de notificación do Concello de Rianxo. Máis información en concelloderianxo.gal/notifica

DATOS DOS FESTEXOS:

| | |
|---|-----------------------------------|
| denominación da celebración | parroquia |
| lugar de celebración | datas de celebración |
| horario da actividade | previsión de asistencia (persoas) |
| atraccións contratadas (orquestras, concertos, atraccións de feira, postos de bebida e xantar e demais establecementos de diversión ou servizo ao público): | |

DOCUMENTACIÓN (lei 9/2013 do emprendemento e de competitividade económica de Galicia):

- NIF da entidade organizadora e da persoa que a representa.
- Copia do seguro de responsabilidade civil e xustificante do pagamento da última cota.
- Copia da última ITV, declaración de conformidade do fabricante CE e cadro de características técnicas dos vehículos escenario.
- Plano de localización e características das instalacións (superficie, materiais...) e homologación dos palcos, escenarios e outras estruturas.
- Boletín eléctrico da instalación asinado por unha persoa técnica competente.
- Documento acreditativo da designación da persoa responsable técnica das instalacións (* ver no dorso >>>)

SINATURA:

Decreto 1720/07 de Regulamento do Desenvolvemento, informamos que os datos recollidos polo Concello de Rianxo coa finalidade de levar a cabo as xestións derivadas desta solicitude serán almacenados nun ou máis ficheiros titularidade do Concello debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, e que poderán ser cedidos a outros organismos ou profesionais unicamente para a mesma finalidade. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, así como a revogación do consentimento, mediante comunicación acompañada de fotocopia do DNI ou equivalente, ao endereço indicado neste mesmo formulario.

Rianxo, ____ de ____ de ____

Destino: _____

INSTRUCCIÓN XERAIS

A solicitude debe presentarse, xunto coa documentación requirida, nun PRAZO DE TEMPO SUFICIENTE (MINIMO DE 5 DÍAS) para a súa tramitación previa á autorización da actividade.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2013 do emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Os ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS, aos que se dedican os artigos 39 ao 46, están sometidos a licenza ou autorización previa ao abeiro do estipulado no artigo 41.d ("A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles").

Quedan excluídas desta norma as festas e verbenas populares celebradas nun só municipio e que non requiren instalación ou escenarios móbiles. Nestes casos, abondará cunha comunicación previa, non sendo necesaria a emisión de licenza.

É esixible, segundo o artigo 42.2, un **Plan de autoprotección** nos casos seguintes:

- Espazos pechados con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas ou cunha altura de evacuación igual ou superior aos 28 m.
- Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforo igual ou superior a 1.500 persoas.
- Actividades ao aire libre con capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.

PROCEDEMENTO

Tras a presentación da solicitude coa documentación completa, emitíranse os informes técnicos municipais e, de seren favorables, concederáse a autorización.

O inicio da actividade quedará en todo caso condicionado á presentación, por parte da entidade organizadora, do certificado da instalación emitido por un técnico competente, en cumprimento da normativa en materia de seguridade, incendios e demais esixida pola normativa vixente.

* Xunto coa solicitude débese presentar un documento acreditativo no que a persoa que solicita a licenza designa á persoa que vai asumir a responsabilidade técnica das instalacións, no cal debe constar o nome, o enderezo e a titulación profesional. Esta persoa será quen certificará a adecuación técnica das instalacións á licenza outorgada.

Non poderá funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de atracción sen proverse da correspondente autorización da Alcaldía, previa achega da documentación esixida ao respecto. En calquera caso, disporán do correspondente certificado de solidez e seguridade da instalación temporal, subscrito por unha persoa técnica competente. En caso do contrario, a Policía Local procederá á clausura ata que se cumprir co solicitado, sen prexuízo das responsabilidades e dereitos aos que houbese lugar.

A entidade organizadora do espectáculo ten a obriga de comunicar previamente á Delegación de Goberno o lanzamento de fogos de artificio, se estes superaren os 10kg.